



ASUNTO: ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA (LISTA B) PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE TÉCNICO/A EN INFRAESTRUTURAS CULTURAIS, GRUPO A ,SUBGRUPO A1 .

RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO.- Reunido o tribunal cualificador o 31 de agosto de 2021 para a cualificación do segundo exercicio do proceso selectivo, lido en sesión pública pola persoa aspirante. Ao abeiro do establecido na base quinta b) das da convocatoria e aplicando os criterios de cualificación establecidos nesta, o tribunal, por unanimidade, acordou outorgar a seguinte puntuación:

ASPIRANTE	PUNTUACIÓN
VAZQUEZ LIÑEIRA, JORGE	5

RECURSOS: Contra a resolución, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira delegada do servizo de persoal e cultura), no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente e este o sexa consonte a dereito.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO E CONVOCATORIA PARA O TERCEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN: O tribunal dispuxo que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, situado na rúa Michelena núm.30 (baixo) e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) a relación coas cualificacións obtidas polo/as aspirantes aprobado/as, convocando os/as candidatos/as que o superaron para a realización do terceiro exercicio sobre coñecemento do idioma galego o día 7 de setembro de 2021, ás 9:00 horas, na Sala de Obradoiros pranta baixa do Pazo de Cultura situado na rúa Alexandre Bóveda s/n (planta 0).

Segundo determina a base 5ª das reguladoras da convocatoria, publicadas no BOP do 5 de abril de 2021, este exercicio será obrigatorio e eliminatorio para aqueles/as aspirantes que non acrediten, xunto coa solicitude de participación, o nivel de CELGA 4 ou equivalente. Os/As participantes que si o acrediten non estarán obrigados a efectuar a proba de galego pasando directamente á fase de concurso sen obter puntuación por este exercicio, se ben, voluntariamente poderán presentarse a dita proba se pretenden obter puntuación por este exercicio.

A proba consistirá, a elección do tribunal, na redacción dun informe ou texto, ou nun ditado ou diálogo en relación coas funcións do posto durante un tempo máximo de 30 minutos. O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos/as aspirantes na realización do exercicio.

Este exercicio puntuarase de 0 a 1 puntos.

O criterio esencial de valoración desta proba é o que figura no anexo II aplicando unha regra de tres simple para converter a valoración de 0 a 10 na puntuación prevista neste exercicio.

Documento asinado electrónicamente pola secretaria do Tribunal, en Pontevedra, na data indicada na sinatura electrónica.

